

CEIP PLURILINGÜE DE OCA

# AUDICIÓN E LINGUAXE NA CASA



## QUE FACER?

CREAR XOGOS E  
XOGUETES

DIALOGAR

COCIÑAR PLASTILINA

SOPRAR E MOVERME


## QUERIDAS FAMILIAS

APROVEITEMOS O TEMPO EN FAMILIA

A principal tarefa destes días no ámbito da audición e a linguaxe é a de desfrutar en familia.

Recordade que os adultos somos o modelo a seguir para os nosos nenos e as nosas nenas. Se non queremos que berren non debemos berrar, se non queremos que digan palabrotas, non as digamos.

Sede un bo exemplo empregando vocabulario rico e variado, unha estrutura correcta e un ton axeitado. Evitemos falar a berros dun cuarto a outro da casa. E sobretudo, escoitemos o que sinten e o que teñen que dicir.




## COMO ESTIMULAR

### A AUDIÇÃO E A LINGUAXE

O xogo é sen dúbida dos mellores momentos e máis divertidos para os nenos e sobre todo se nós xogamos con eles.

- **Xogo simbólico:** xogar aos médicos, o supermercado, a perruquería, o restaurante, o colexio, create mundos imaxinarios... Propoñede novos xogos e intercambio de personaxes. Metédevos no papel e diálogo!
- **Radio:** collede o móbil e grabade un pequeno programa de radio cos intereses dos vosos fillos.
- **Xogos de mesa:** ideais para fomentar a expresión, o seguimento de regras, o conteo (uso de dados), respectar quendas, a psicomotricidade fina (movendo as fichas), toma de decisións, orientación espacial (no taboleiro e para moverse sobre el)...
- **Manualidades:** aprendemos os nomes de utensilios que podemos empregar, as súas posibilidades de uso, seguimento de instrucións para facer debuxos, botellas sensoriais, collages...





# OS CONTOS E AS HISTORIAS

## ESTIMULAN A FANTASÍA E A LINGUAXE

- **Contar historias da familia** apoiándonos nun álbum de fotos
- **Ler contos cos nenos e facerlles preguntas** para asegurar a comprensión.
- **Inventar nós un conto**, propoñemos un inicio e que sigan contando os nenos.e montade un teatro
- Ler contos con rimas
- **Inventar** nós un conto, propoñemos un inicio e que sigan contando os neno
- **Cambiarlle o inicio ou o final** a un conto coñecido
- Dramatizar un conto. Escollede unha personaxe e **montade un teatro**

## Teatriño

- Caixa de cartón
- papel de forno
- palillos
- papel
- ceras negras
- lanterna





## Na cociña

### TEMPO XUNTOS E APRENDIZAXE

Aprendemos a:

- **Ler receitas e seguir instrucións**
- Nome dos **utensilios** que imos empregar: batidora, tixola, culler, vaso, báscula...
- Nome dos **alimentos** que imos empregar: cenorias, fariña, ovos  
Nome dos utensilios que imos empregar: batidora, tixola, culler, vaso, báscula..., pementos, xudías...
- Nome dos **electrodomésticos**: lavadora, lavalouza, forno, microondas, neveira... e **COMO FUNCIONA CADA UN**

## Plastilina

Mesturamos e amasamos:

- 2 tazas de fariña de trigo
- 1 taza de sal
- 4 culleradas de aceite de xirasol
- 1 taza de auga
- Unhas gotas de colorante alimentario

## A LAVAR!

A lavadora é un electrodoméstico moi empregado nos fogares, ensinémolle a utilizala.

- Para que serve?
- Que programas hai?
- Como podemos separar a roupa?  
Seguimento de instrucións: primeiro separamos a roupa por cores, despois metémola dentro da lavadora, botamos deterxente e suavizante...etc.
- Tendémola xuntos? “Dame o pantalón azul, despois a camiseta amarela”, etc.

# MOTRICIDADE E SOPRO

Frecuentemente pasamos por alto a importancia que teñen a respiración, o sopro e a motricidade dos beizos ou da lingua na nosa fala e na boa articulación. Podemos xogar a ver quen é capaz de recoller máis macarróns cun espaguetei ou quen pode andar máis tempo cun lápiz entre o nariz e os beizos; soprar pelotas de ping-pong ou boliñas de papel; pintar a través dunha palliña....





## MÁIS COUSAS?

FAI CLIC NOS LINKS:



**[loga infantil](#)**



**[Técnica de relaxación](#)**



**[Video-actividades de estimulación da linguaxe oral en Educación Infantil](#)**

